

**COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA
MEMORIA HISTÓRICA DA CORUÑA**

NOTA DE PRENSA

**A COMISIÓN POLA RECUPERACIÓN DA MEMORIA
HISTÓRICA DA CORUÑA DEMANDA Á MINISTRA DE
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS QUE INICIE UN
EXPEDIENTE PARA A DEVOLUCIÓN DO PAZO DE
MEIRÁS AO PATRIMONIO PÚBLICO**

Acompañamos o texto que se entregou hoxe, mércores, ás 10,30 horas, na Delegación do Goberno en Galicia.

Recíbide un cordial saúdo.

A Coruña, 11 de xuño de 2008

Asdo. Rubén Afonso Lobato

Responsable de Comunicación da CRMH da Coruña Tfno.: 645029338

Excma. Sra. Dna. Helena Salgado
Ministra de Administracións Públicas

Don MANUEL MONGE GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Faro nº 9-2º esq., 15002 A Coruña, con DNI nº 14.232.518-A, como Presidente da **Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña**, domiciliada na rúa Olmos, nº 16-18, 1º, A Coruña, 15003, con CIF nº G-70026687, EXPÓN:

Que, na representación invocada e no meu propio, exercitando ao propio tempo unha reclamación a favor do interese público, formulo a petición de que se reintegre ao Dominio Público o chamado **“PAZO DE MEIRÁS”** ou Torre de Meirás, sito no lugar do mesmo nome do concello de Sada, na provincia da Coruña.

Este pazo foi adquirido -con esa finalidade de darlle carácter público- aos herdeiros da Condessa de Pardo Bazán, Dna. Emilia, co seguinte procedemento: Constituíuse unha **Junta Provincial Pro Pazo del Caudillo**, encabezada polo Gobernador Civil, dirixentes franquistas e empresarios, que foron amplamente recompensados; por iso Franco declaraba que “Nuestra Cruzada es la única lucha en que los ricos que fueron a la guerra, salieron más ricos”. A propaganda oficial da ditadura mentiu durante corenta anos, pretendendo facer crer que o Pazo de Meirás foi adquirido por subscripción popular e regalado a Franco. A verdade é que **foi adquirido cun auténtico “impuesto revolucionario”, como o que hoxe practican organizacións terroristas.**

A citada Junta Provincial utilizou todo tipo de presións, ameazas, extorsións e coaccións –propias da Ditadura na que se vivía- para descontar obrigatoriamente a empregadas/os públicos e traballadoras/es unha parte da súa nómina mensual. Como esa cantidade non chegaba para mercar o Pazo de Meirás, obrigouse tamén aos concellos a facer unha aportación do 5% do que ingresaban polo cobro da contribución. Acompañamos documentación dos recibos expedidos polos promotores –encabezados por un “Saludo a Franco ¡ARRIBA ESPAÑA!”-, así como da aportación dalgún concello –os arquivos municipais do concello de Oleiros, por exemplo, recollen que entregaron 9.000 pesetas- e do libro *Historia Contemporánea de Galicia*, do historiador Eduardo Rico, da Universidade de Santiago de Compostela, que no capítulo sobre *O franquismo en Galicia*, recolle o procedemento seguido, segundo consta en arquivos oficiais.

Despois da adquisición do pazo de Meirás e da reparación do edificio e xardíns, con cargo a ese mesmo diñeiro de carácter público, procedeuse a doar o citado inmovible, con todo o mobiliario existente. Franco asina a aceptación o 5 de decembro de 1938. O documento dicía: “En el día 28 de marzo de nuestro segundo año triunfal año del señor de mil novecientos treinta y ocho, la Ciudad y provincia de la Coruña hicieron la ofrenda-donación de las Torres de Meirás al fundador del nuevo imperio, Jefe del Estado, Generalísimo de los Ejércitos y Caudillo de España Francisco Franco Bahamonde”. Queda clara que a doazón non se realiza a un particular, senón ao Xefe do Estado.

Posteriormente, e despois de realizarse a citada doazón, a finca do pazo de Meirás foi ampliada ata dez hectáreas, recorrendo ás **expropiacións forzosas** doutras fincas e propiedades limítrofes, cos mesmos métodos de presións, ameazas e coaccións, que para recadar o diñeiro utilizado para a compra do pazo. Acompañamos a testemuña de familiares expropiados, aparecidas en distintos medios de comunicación, que explican cómo os propietarios afectados eran levados en vehículos militares a unha notaría de Betanzos para formalizar o cambio de propiedade e cómo os que se resistían a perder as súas terras eran ameazados con ser expulsados a Asturias.

Seguindo con esta de **política de roubo ou espoliación de patrimonio público**, ao Pazo de Meirás trasladáronse obxectos procedentes doutros edificios de propiedade pública. Así leváronse as pedras do pazo de Bendaña, figuras da capela, escudos, gravados, etc. Recentemente as 18 asociacións do concello de Dodro, onde estaba situado este pazo, asinaron un manifesto reclamando a devolución do roubado.

A petición-reclamación de recuperación para o patrimonio de dominio público da finca coñecida como “Torres de Meirás”, hoxe Pazo de Meirás, ten o seu fundamento no propio texto da vixente Lei de Recuperación da Memoria Histórica, así como, doutrina xurisprudencial aplicable ao presente caso, a Sentenza do Tribunal Supremo nº 900/2007 sobre devolución aos seus propietarios -a familia de Álvaro Rodríguez López, de Santa Cruz de Tenerife- duns terreos doados a quen, daquela, era Xefe do Estado, Francisco Franco, para que foran destinados a “campamento e campo de instrución e tiro”, **entendendo o Tribunal Supremo que tal doazón se fixo ao Xefe do Estado, en canto tal, e por iso dita doazón enténdese que se fixo ao Estado e non ao patrimonio persoal de Francisco Franco**. Lembremos que tal doazón fíxose o 5 de marzo de 1937 para salvar a vida dun parente, Rubén Marcichal, militante socialista encarcerado polas autoridades militares, nuns días de frecuentes fusilamentos.

Entende esta parte que, tanto pola procedencia dos fondos públicos utilizados para a compra da finca, como pola doazón ao Xefe do Estado, non cabe dúbida que non foron doadas as indicadas Torres de Meirás a Don Francisco Franco para o seu patrimonio persoal, senón exclusivamente, para a súa utilización no verán como Xefe do Estado e, con igual carácter, para o seu uso a efectos de celebración dos Consello de Ministros, como se fose o Palacio do Pardo ou outro semellante.

O Congreso dos Deputados xa manifestou a súa sensibilidade ante esta problemática aprobando un requirimento ao Goberno para que faga un inventario dos bens que a xefatura de Estado deixou aos Franco. É de dominio público que a familia Franco administra hoxe unha inmensa fortuna de fincas, edificios, etc. conseguidos polo ditador durante o exercicio da Xefatura do Estado; **é unha responsabilidade do Goberno procurar a súa devolución ao patrimonio público**, cumprindo co sinalado no **artigo 46 da Constitución Española**: “Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos ben que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade”.

Polo exposto,

SUPLICO a ese Ministerio de Administracións Públicas que, habendo por presentado este escrito e por feitas as manifestacións que no mesmo se conteñen, se digne estimar a presente reclamación e, na súa virtude, se proceda á **tramitación do expediente preciso para a devolución do denominado “Pazo de Meirás” ao dominio público**, co demais procedente en dereito, por ser de xustiza.

A Coruña para Madrid, a 11 de xuño de 2008

Asdo. Manuel Monge Tfno. 665998574